

## **Acta do xurado do Certame de Caricatura <Cidade de Ferrol>**

Reunidos na cidade de Ferrol os membros do xurado do Certame de Caricatura <Cidade de Ferrol>, formado por Siro López Lorenzo, presidente do Club de Prensa de Ferrol; Manuel Ferreiro Badía, escultor; David Pintor Noguerol, ilustrador; e Margarita Canido Jove, secretaria da xunta directiva do Club de Prensa de Ferrol, como secretaria do xurado con voz e sen voto, acordaron o seguinte:

- Manifestar a súa satisfacción pola alta participación de debuxantes de varios países europeos, e a alta calidade dos máis dos traballos.
- A selección dos dezaseis participantes que acadaron a condición de <finalistas> fíxose por unanimidade e procurando a representación dos distintos estilos e variedade de técnicas que hoxe ofrece este xénero xornalístico e artístico.
- A concesión do premio fíxose contando co voto expresado polos visitantes da mostra colectiva montada na sede de //Afundación en Ferrol, e despois dun amplo debate, xa que o xurado recoñeceu en varios finalistas méritos abondo para resultar gañadores.
- Finalmente, o xurado acordou, por unanimidade, conceder o premio dotado con 600 euros e trofeo realizado a partir do cartel do Certame, deseñado por David Pintor, a Leandro Barea, autor de dúas espléndidas caricaturas de Gonzalo Torrente Ballester e Jean Paul Sartre, nas que o xurado valorou, ademais da semellanza cos modelos, a orixinalidade de deseño e a elegancia da liña.

En Ferrol, ás 13 horas do día 18 de xullo de 2015

